

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 20 DE NOVIEMBRE DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **VINTE DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**
- 3º.- **EXPTE. 1561/2019. CONCESION DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2019-20.**
- 4º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 05 de novembro de 2019

2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

Visto o escrito presentado por María Carmen Cabaleiro Fernández, en representación de AGROMAQUINARIA SILLEDA, S.L., Rexistro de Entrada nº 4848, de data 19 de novembro de 2018, solicitando devolución de avais correspondentes a:

- Suministro de tractor polivalente destinado o servizo de mantemento e limpeza de redes viarias do Concello de Silleda. (Adxudicación definitiva por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.07.2016)

- Suministro de dúas desbrozadoras de brazo destinadas o servizo de mantemento e limpeza de redes viarias do Concello de Silleda. (Adxudicación definitiva por acordo da Xunta de Goberno Local do 12.07.2016)

Visto o informe emitido polo concelleiro Klaus Brey Montaña, de data 20 de novembro de 2019, conforme a devolución dos avais solicitados.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** proceder a devolución dos seguintes avais:



- Aval rexistro nº 355500, de data 07 de xullo de 2016, de Abanca Corporación Bancaria, S.A., por importe de 1.350,00 € correspondente a o suministro de dúas desbrozadoras de brazo destinadas o servizo de mantemento e limpeza de redes viarias do Concello de Silleda.

- Aval rexistro nº 355503, de data 07 de xullo de 2016, de Abanca Corporación Bancaria, S.A., por importe de 2.066,10 € correspondente a o suministro de tractor polivalente destinado o servizo de mantemento e limpeza de redes viarias do Concello de Silleda.

3º.- EXPTE. 1561/2019. CONCESION DE AXUDAS PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2019-20.

Vista a proposta da concelleira de Educación, Ángela Troitiño Gil, de data 19 de novembro de 2019 que literalmente dí:

“Ángela Troitiño Gil, Concelleira de Educación

EXPOÑO

Vistas as normas das axudas complementarias dirixidas ás familias que precisan dunha protección especial, así como as que teñan a todos os seus membros en situación de desemprego, para libros de texto e material escolar para o curso 2019-2020.

Visto que houbo 17 familias que solicitaron estas axudas (das que unha o fixo fóra de prazo e outra non reunía os requisitos previstos nas normas de acceso ás axudas), e visto que os/as menores beneficiarios ascenden a 24.

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local acordar a concesión das axudas ás familias que reúnen os requisitos e cuxa relación se corresponde co seguinte cadro

Nome do/a proxenitor/a	Identificación do/a menor	Cantidade (€)
<i>Siham Ait Lassri</i>	<i>A.T. e S.T.</i>	<i>234,5</i>
<i>Olivier Pumeda</i>	<i>S.P. e I.P.</i>	<i>152,42</i>
<i>José Iglesias</i>	<i>A.M.F. e A.F.</i>	<i>89,67</i>
<i>Ana María Morado</i>	<i>S.B.</i>	<i>41,58</i>
<i>Margarita Costoya</i>	<i>X.A.</i>	<i>180,5</i>
<i>Eugenia María Custodio</i>	<i>S.F.</i>	<i>132,91</i>
<i>María Isabel Seijo García</i>	<i>X.S.</i>	<i>239,7</i>
<i>Fátima Kadri</i>	<i>R.S. e S.S.</i>	<i>101,15</i>
<i>Silvia Zamora</i>	<i>A.V.</i>	<i>74,5</i>
<i>Alejandra Carvalho Fraiz</i>	<i>D.C. e D.C.</i>	<i>325,15</i>
<i>Mariana Georgeta Domnita</i>	<i>M.D.D. e D.G.D.</i>	<i>338,5</i>
<i>Sonia de Jesús Soares Pinto</i>	<i>N.R. e N.R.</i>	<i>190,16</i>
<i>Jamal Bakhou Ghazi</i>	<i>L.M.B.</i>	<i>124,75</i>
<i>Iryna Melnyk</i>	<i>V.M e V.M.</i>	<i>192,89</i>
<i>Beatriz Pacheco Ruza</i>	<i>B.R. e K.R.</i>	<i>34,3</i>



Silleda, 19 de novembro de 2019
Ángela Troitiño Gil - Concelleira de Educación "

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

- Aprobar a concesión de axudas para libros de texto e material escolar (Curso 2019-20) segundo listado que consta no expediente.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Expte. 1544/2018. Sustitución de cuberta de unha vivenda unifamiliar existente. Luis Joaquín Ríos Amigo.

Vista a solicitude de licenza, presentada por LUIS JOAQUÍN RÍOS AMIGO, Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-2683 de data 18 de xuño de 2018, para substitución de cuberta de unha vivenda unifamiliar existente, na rúa Ulleiro, nº 7 de Bandeira (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 18 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante	Luis Joaquín Ríos Amigo		
Data de rexistro	18 de xuño de 2018	Nº 2018-E-RC-2683	Expediente 1544/2018
Solicitud	Sustitución de cuberta de unha vivenda unifamiliar existente		
Emprazamento	Rúa Ulleiro Nº 7. Bandeira. 36570		
Referencia catastral	P0020100000000001LQ		Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral	n/d		X: 556642.68 m Y: 4731301.67 m
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.		
Superficie construída:	167,74 m ²		
Autor do Proxecto	Martín Pereiras Corzón, arquitecto colegiado número 4.236		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 15.06.2018, CVE: ADCE731F0BF0		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	31.169,00 €		P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.



- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
11 R.D. 2187/1978, de 23 de xunio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
12 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
13 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
14 Planeamento do Concello de Silleda
14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1544/2018, de solicitude de licenza asinada por Luis Joaquín Ríos Amigo, presentada con R.E. 2018-E-RC-2683 de 18 de xuño de 2018. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado número 4.236.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas de habitabilidade de vivendas, as normativas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Edificación Cerrada, E.C.**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Sustitución de cubierta de unha vivanda unifamiliar existente**, está clasificado como **solo urbano, Ordenanza 4**.

5. A edificación linda có trazado delimitado no Plan Xeral aprobado inicialmente como Vía da Prata e cós planos da traza sometidos a información pública polo Acordo da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo publicado no Diario Oficial de Galicia número 15, do 23 de xaneiro de 1998.

O expediente foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, que posteriormente o remitiu á Secretaría Xeral da mesma Consellería, que emite autorización asinada o día 13 de marzo do 2019 (r.s. 183408/R397835, r.e. 3947 de 12 de setembro 2019).



6. A **rehabilitación de vivendas anteriores a 1975** está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Nas ortofotos do voo americano do ano 1956 apréciase a existencia dunha edificación nese emprazamento.

7. Cumprimento dos artigos 39, 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 39. Condicións xerais das edificacións no solo rústico.	CUMPRE
<p>Para poder obter o título habilitante municipal de natureza urbanística, ou a autorización autonómica nos supostos previstos no artigo 36, para calquera clase de edificacións ou instalacións no solo rústico, deberá xustificarse o cumprimento das seguintes condicións:</p>	
<p>a) Garantir o acceso rodado de uso público adecuado á implantación, o abastecemento de auga, a evacuación e o tratamento de augas residuais, a subministración de enerxía eléctrica, a recollida, o tratamento, a eliminación e a depuración de toda clase de residuos e, de ser o caso, a previsión de aparcadoiros suficientes, así como corrixir as repercusións que produza a implantación na capacidade e funcionalidade das redes de servizos e infraestruturas existentes.</p> <p>Estas solucións deberán de ser asumidas como custo a cargo exclusivo do promotor ou promotora da actividade, formulando expresamente o correspondente compromiso en tal sentido e achegando as garantías exixidas para o efecto pola Administración na forma que regulamentariamente se determine.</p>	SI
<p>b) Prever as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia da actividade solicitada sobre o territorio, así como todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, os recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona.</p>	SI
<p>c) Cumprir as seguintes condicións de edificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica. - O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos. - Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen. - A altura máxima das edificacións non poderá exceder as dúas plantas nin os 7 metros medidos no centro de todas as fachadas, desde a rasante natural do terreo ao arranque inferior da vertente de cuberta. <p>Excepcionalmente, poderá excederse a dita altura cando as características específicas da actividade, debidamente xustificadas, o fagan imprescindible.</p>	SI
<p>d) Cumprir as seguintes condicións de posición e implantación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deberá xustificarse cumpridamente a idoneidade da localización elixida e a imposibilidade ou inconveniencia de situalas en solo urbano ou urbanizable con cualificación idónea. Tal xustificación non será necesaria cando se trate das construcións sinaladas no artigo 35.1, letras g), h), i), l) e m). - A superficie mínima da parcela sobre a que se situará a edificación será de 2.000 metros cadrados, agás para os usos regulados no artigo 35.1.m) e para a ampliación de cemiterios. Para estes efectos, non será admisible a adscrición doutras parcelas. - A superficie máxima ocupada pola edificación en planta non excederá o 20 % da superficie do predio. No caso de invernadoiros con destino exclusivo ao uso agrario que se instalen con materiais lixeiros e facilmente desmontables, explotacións gandeiras, establecementos de acuicultura e infraestruturas de tratamento ou depuración de augas, poderán ocupar ata o 60 % da superficie da parcela, e a ampliación dos cemiterios, a totalidade dela. <p>Excepcionalmente, os instrumentos establecidos pola lexislación de ordenación do territorio poderán permitir unha ocupación superior para estas actividades, sempre que se mantéña o estado natural,</p>	SI



polo menos, nun terzo da superficie da parcela.

- Os edificios situaranse dentro da parcela, adaptándose no posible ao terreo e ao lugar máis apropiado para conseguir a maior redución do impacto visual e a menor alteración da topografía do terreo.

- Os recuamentos das construcións aos lindes da parcela deberán garantir a condición de illamento, e en ningún caso poderán ser inferiores a 5 metros.

- As condicións de abancalamiento obrigatorio e de acabado dos bancais resultantes deberán definirse e xustificarse no proxecto, de modo que quede garantido o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración da topografía natural dos terreos.

- Manterase o estado natural dos terreos ou, se é o caso, o uso agrario deles ou con plantación de arboredo ou especies vexetais en, polo menos, a metade da superficie da parcela, ou nun terzo dela cando se trate de infraestruturas de tratamento ou depuración de augas.

f) As edificacións destinadas a uso residencial complementario da explotación agrícola ou gandeira deberán estar intimamente ligadas a elas. Para tal efecto, deberá acreditarse que o solicitante é titular dunha explotación das sinaladas e que esta cumpre os requisitos que regulamentariamente se determinen.

g) As novas explotacións gandeiras sen base territorial non poderán situarse a unha distancia inferior a 500 metros dos núcleos rurais ou urbanos e a 100 metros da vivenda máis próxima, agás que o planeamento municipal motive, atendendo as circunstancias propias do territorio, outras distancias diferentes, sempre salvaguardando a calidade ambiental do contorno. Cando se trate de novas explotacións con base territorial, a distancia mínima aos asentamentos de poboación e á vivenda máis próxima será de 100 metros.

A distancia á vivenda non será tida en conta se esta e a explotación son do mesmo titular.

Para os efectos desta lei, considérase explotación gandeira a unidade técnico-económica caracterizada pola existencia dunhas instalacións e un conxunto de animais, así como outros bens que, organizados polo seu titular, sirvan para a cría, produción e reprodución de animais e a obtención de produtos gandeiros ou prestación de servizos complementarios.

Non procede

SI
Non procede

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

CUMPRE

As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.

b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.

SI

35.11a)

Si

Si

Si

Non procede

Artigo 92. Protección das vías de circulación.

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación

N/d



urbanística establece unha distancia superior.

Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).

2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.

SI

8. Canto aos **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito, non son de aplicación nos supostos de rehabilitación do artigo 40, salvo o límite de altura, que si se cumpre no proxecto.**

9. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Superficie de parcela	1974	2000	Artigo 40
Altura de cornixa		7,00 m	Artigo 40
Ocupación máxima		20% (Explotacións 60%)	Artigo 40
Superficie ocupada en planta			Artigo 40
Número máximo de plantas		B+1	Artigo 40
Recuamento a lindeiros		5 m	Artigo 40
Separación a vía pública		4 m	Artigo 40

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de Accesibilidade de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (punto 5.4 da memoria).

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **tratamento de augas**, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

14. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o **abastecemento de auga**, xa que non é o obxecto do proxecto a rehabilitación da vivenda.

15. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

16.1 Delegación Territorial de Patrimonio Cultural a fin de que se emita informe previo á concesión de licenza municipal de obra, que se pretende executar nas proximidades dunha edificación catalogada polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016, segundo o establecido no Artigo 198.2 "Alcance dos catálogos" do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

16.1.1 Consta no expediente autorización do citado organismo con CVE: ZHnHp5pxL2

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Sustitución de cuberta de unha vivenda unifamiliar existente solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de



licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 16 deste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Por outra banda, de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a LUIS JOAQUIN RÍOS AMIGO para substitución de cuberta de unha vivenda unifamiliar existente, na rúa Ulleiro, nº 7 - Bandeira (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Asimismo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:



Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	0,00	60,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
31.169,00	31.169,00	2,25 %	701,30	0,00	701,3

Terceiro.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en Banco SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

Cuarto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación



entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4.2.- Expte. 1847/2019. Ampliación de nave para almacén de conservas. Improarpe Inversiones, S.L.

Vista a solicitude de licenza, presentada por IMPROARPE INVERSIONES, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RE-357 de data 17 de outubro de 2019, para ampliación de nave para almacén de conservas, no Polígono Industrial de Silleda, Parcela 2 - Área 33 2ª Fase (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico industrial Álvaro Sánchez Sánchez.

Visto o informe emitido o 19 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

'Solicitante	IMPROARPE INVERSIONES S.L.		
Data de rexistro	17.OUT.2019	Nº 2019-E-RE-357	Expediente 1847/2019
Solicitude	Ampliación de nave para almacén de conservas		
Emprazamento	Polígono Industrial de Silleda, Parcela2 –Área 33-2ªfase – Silleda (PONTEVEDRA)		
Referencia catastral	36052A03800702	Coordenadas UTM 29 ETRS89:	
Parcela rexistral	n/d	X: 563397.12 m Y: 4727264.80 m	
Clase de solo	Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.	Superficie construída: 13215,87 m2	
Autor do Proxecto	Álvaro Sánchez Sánchez, enxeñeiro técnico industrial colexiado 4190		
Proxecto	Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 11/09/2019, nº 21901049		
Dirección de Obra	n/d		
Oficio de Dirección			
Dirección de Execución	n/d		
Oficio Direc. Execución			
Orzamento (P.E.M.)	738.984,45 €	P.E.M. segundo Mbc ano 2010: Orzamento Mbc €	

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 14 Planeamento do Concello de Silleda
- 14.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 14.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991



- 14.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 14.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 14.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 14.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 14.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 14.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 14.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 14.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 14.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 14.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 14.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 15 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emítase informe técnico sobre o expediente 1847/2019, de solicitude de licenza asinada por IMPROARPE INVERSIONES S.L., presentada con R.E. 2019-E-RE-357 de 17.OUT.2019. Aporta unha copia de proxecto técnico asinado por Álvaro Sánchez Sánchez, enxeñeiro técnico industrial colexiado 4190 e xustificante de pagamento de taxas municipais por valor de 16.687,15€.
2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.
3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras.
4. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.
5. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exigencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.
6. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.
7. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia, informe no que se verifican as condicións urbanísticas da parcela, as normas autonómicas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

8. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como Solo Urbano, ordenanza Industria e Almacén, I.A.



9. O Plan Básico Autonómico, aprobado definitivamente o 26 de xullo de 2018, non establece para este ámbito ningunha das súas afeccións.

10. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	SI
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as belezaas naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	SI
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Si
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Si
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	Si
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	N/d
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

11. Consonte ao Plan Parcial vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido no parágrafo 3.5.4 **usos autorizados**:

3.5.4 USOS AUTORIZADOS

En xeral se entenden autorizados el **conjunto de operacións que se ejecutan para la obtención y transformación de materias primas**, su envasado, **almacenaje**, distribución, y reparación, así como la artesanía.

Así mesmo albergará actividades industriais que por su envergadura y efectos producidos necesitan localizarse en áreas cuyo uso principal sea el industrial

INDUSTRIAS DE LA CONSTRUCCION

Talleres de pintura y decoración, escultura, cantería y pulimentación de piedras artificiales, vidriería y, en general, los dedicados a la preparación de materiales pétreos, naturales o artificiales, cerámicos, vidrios, áridos y aglomerados, etc.

INDUSTRIAS ELECTROMECAÑICAS

Talleres de ferretería, fontanería, hojalatería, bronceístas, platerías, fabricación de camas y muebles metálicos, juguetería, óptica y mecánica de precisión: reparaciones electromecánicas, con exclusión de los destinados únicamente a reparación de automóviles o anejos a las instalaciones de transporte urbanos; fabricación de instrumentos de música, etc.

INDUSTRIAS DE LA MADERA

Talleres de carpintería, tapicería, decorado y acabado de muebles cuya materia principal sea la madera; juguetería no mecánica; instrumentos de música con caja de madera; fabricación y preparación de embalajes y de pasta de madera; productos sintéticos, concha, celuloide, pasta de papel y cartón, etc.



INDUSTRIAS QUIMICAS

Talleres y laboratorios de preparación de productos químicos en general; tratamientos químicos de productos de cualquier clase, incluso pieles y su curtido; productos y especialidades farmacéuticas, productos de perfumería y limpieza y fabricación de vidrios, esmaltes, pinturas, lacas y barnices, etc.

INDUSTRIAS TEXTILES Y DEL VESTIDO

Talleres de confección y adorno de ropas de todas clases, sombrerería, zapatería y guantería; guarnicionería; reparación, acabado, tinte y limpieza de ropas; confección de adornos, joyería y bisutería, talleres de hilado, tejidos, encajes, incluso de apresto y acabado de los mismos. etc.

INDUSTRIA DE LA ALIMENTACIÓN

Tahonas, hornos de confitería, bollería, galletas, etc., preparación, refinado y cortado de azúcar; torrefacción de granos, café, cebada, achicoria, cacao, incluso molido y envase de estos productos vegetales y animales, y vaquerías y cabrerías; preparación y envasado de leche y productos lácteos; preparación de **conservas** a base de carne y pescado; productos alimenticios a base de residuos de matadero, preparación y envase de bebidas, fábricas de hielos, heladerías e instalaciones frigoríficas de conservación; fábricas de cerveza y harinas, etc.

INDUSTRIAS GRAFICAS DE ELABORACION DE PAPEL Y CARTON

Talleres de imprenta, litografía, encuadernación y artes gráficas en general; de cortado, doblado, engomado de objetos de papel y cartón, con impresión o sin ella, de grabado y fabricación de rótulos esmaltados, talleres y laboratorios de fotografía y artes fotomecánicas y de revelado, copiado, montaje, doblado y sonorización de películas, etc.

INSTALACION DE LOS SERVICIOS DE DISTRIBUCION DE ENERGIA ELECTRICA, AGUA Y LIMPIEZA

Estaciones de generación, transporte, transformación y distribución de energía eléctrica; instalaciones de elevación, conducción, distribución y depuración de aguas; limpieza, desinfección, destrucción o aprovechamiento de productos residuales urbanos, etc.

INDUSTRIAS VARIAS

Siempre que la normativa específica vigente y la Corporación Municipal, así lo autorice o considere oportuno.

12. Canto á tramitación ambiental, a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que **está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental**.

13. Segundo o artigo 92 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia "Protección das vías de circulación":

1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior.

14. Segundo o artigo 39.c) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia:

– Os cerramentos de fábrica non poderán exceder os 1,5 metros de altura e deberán adaptarse ao medio no que se localicen.

15. Segundo o artigo 99 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda:

D.- Como norma general los cierres de obra de fábrica, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos podrán autorizarse a SEIS (6) metros del eje del camino y en todo caso a TRES (3) metros del borde o arista exterior de la explanación, siendo definida esta según el art. 33.1 de la Ley de Carreteras.

E.- Cuando los cierres de obra de fábrica o desmontables, postes de tendido eléctrico y demás elementos constructivos, se soliciten con el compromiso de derribo o traslado por cuenta del propietario, el ayuntamiento podrá autorizarlas en este caso a TRES (3) metros del eje del camino y en todo caso a UN (1) metro de la arista exterior de la explanación o cuneta respectiva. El Ayuntamiento en base a necesidades de ampliación de infraestructura, implantación de servicios, etc., podrán ordenar el derribo o traslado de los cierres, postes y demás elementos constructivos con cargo a los propietarios en este caso y sin que estos puedan alegar derecho a reclamación o indemnización de ninguna clase sobre los mismos.

F.- En las zonas donde existan intersecciones de caminos y en una distancia de veinticinco (25) metros en los accesos que lo forman, los retranqueos mínimos anteriormente definidos para caminos rurales, tanto para edificaciones como para cierres y demás elementos constructivos se aumentarán en UN (1) metro en todos los casos a efectos de visibilidad y seguridad en la circulación de vehículos y personas.



(Plano)

16. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
ÁREA 33:				
Ocupación máxima	65%	70%	70%	SI
Edificabilidade máxima	0,65 m2/m2	1 m2/m2	Art. 329.3.c	SI
Recuamento frontal	> 5 m	5 m		SI
Recuamento lateral	> 3 m	3m (acaroadá m.p. 2012)		SI
Número máximo de plantas	1	2		SI
Altura máxima	9 m	9 m		SI
Altura máxima soto		3 m		SI
Aparcamentos	41	1 plaza/107 m2 construídos = 9		SI

17. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

18. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios, DB-SI**, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

19. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

20. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Ampliación de nave para almacén de conservas solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Faise constar que o artigo 91 "Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe" da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

c) **A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.**

d) **As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.**

e) **Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.**

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "**Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente**".



Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a IMPROARPE INVERSIONES, S.L. para ampliación de nave para almacén de conservas, no Polígono Industrial de Silleda, Parcela 2 - Área 33 2ª Fase (Silleda), con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle que:

Que de acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, "Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente".

Asimesmo, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

Para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Segundo.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut.€	Pagado €	Débeda. pte. €
738.984,45	738.984,45	2,25 %	16.627,15	16.627,15	0

Terceiro.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora



das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

4.3.- Expte. 1647/2019. Licenza de segregación e agrupación. José Ferradas Pereiras e Consuelo Núñez Domínguez.

Vista a solicitude de licenza de segregación, presentada por JOSÉ FERRADAS PEREIRAS e CONSUELO NÚÑEZ DOMÍNGUEZ, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-4035 de data 18 de setembro de 2019, para segregación e agrupación no lugar de Santa Cristina, nº 6, parroquia de Lamela (Silleda), parcela con referencia catastral 36052D508108630000XJ, segundo proxecto da arquitecta técnica Miriam Sánchez Rodríguez.

Visto o informe emitido o 18 de novembro de 2019 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante	D. José Ferradás Pereiras e Dna. Consuelo Núñez Domínguez		
Data de rexistro	18.SET.2019	Nº 4035	Expediente 1647/2019
Solicitud	Segregación e Agrupación na Parroquia de Lamela, Silleda		
Tipo de Solicitud	Agrupación -segregación en unidade de acto		
Emprazamento	Lugar de Santa Cristina nº6, Lamela, Silleda		
Referencia catastral	36052D508108630000XJ		
Autor do Proxecto	Miriam Sánchez Rodríguez, Arquitecta técnica		

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia
- 3 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 4 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 5 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 6 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 7 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.



- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 13 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 14 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 15 Decreto 151/2014, do 29 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia
- 16 Decreto 106 2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia.
- 17 R.D. 763/2017, de 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago
- 18 Planeamento do Concello de Silleda
 - 18.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 18.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 18.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 18.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 18.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 18.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 18.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 18.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 18.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 18.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 18.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 18.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 18.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 19 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por D.José Ferradás Pereiras e Dna. Consuelo Núñez Domínguez, presentada con R.E. 4035 de 18.SET.2019. Aporta 1 copia de proxecto técnico asinado por Miriam Sánchez Rodríguez, Arquitecta técnica.

2. O Concello de Silleda aprobou provisionalmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/03/2016 (punto 18.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este praza e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 18.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Segregación e Agrupación na Parroquia de Lamela, Silleda**, está clasificado como **solo rústico de protección agropecuaria**.

5. Consonte á normativa vixente, o artigo 149.1 da Lei do Solo prohibe a segregación de predios con carácter xeral. Establece, porén, a excepción seguinte "Tamén poderá autorizarse, coa exclusiva finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindantes, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.". O planeamento vixente, segundo a disposición transitoria primeira clasifica este solo como rústico de protección ordinaria, como xa se dixo, e polo tanto sería viable; sen prexuízo de que o aprobado provisionalmente o clasifica como protección agropecuaria. En todo caso, como se



indicou no punto 2 dos antecedentes deste informe, unha vez rematada a suspensión de licenzas, enténdese que o planeamento en vigor é o PXOM de 1981, polo que se considera viable esta agrupación-segregación.

6. A parcela matriz "1" (10863), non edificada, ten unha superficie según catastro de 9.947 m², a parcela "2" (861), edificada, ten unha superficie según catastro de 1.493 m². A parcela "1" segrega unha parte da parcela "1.2" (10863-2) de 1.986,67 m² quedando a parcela matriz "1.1" (10863-1) de 7.960,33 m². Despois da segregación procédese á agrupación das fincas quedando en dúas: a **parcela resultante A (10863)** resultado da segregación da parcela "1." **menos a "1.2"** cunha superficie total de 7.960,33 m², por outro lado, a **parcela resultante B (861)** é o resultado da agrupación da segregación "1.2" **mais a parcela "2"** cunha superficie total de 3.479,67 m².

7. As parcelas obxecto de agrupación-segregación atópanse dentro do ámbito da Concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, polígono 508, parcelas 10863 e 861 dos planos do acordo, que se insiren neste informe. Deberase estar ao disposto na Lei 12/2001, de 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, no relativo a segregacións. Artigo 52:

"Non será válida a división ou segregación de terreos de substitución, **salvo nos seguintes casos:**

a) Cando se trate de disposicións en favor de propietarios de terreos lindantes, sempre que, como consecuencia da división ou segregación, **tanto o terreo que se divide ou segrega coma a lindante non resulten de extensión inferior á unidade mínima de cultivo a que se refire o artigo 3.1.b).**

b) Se é consecuencia do exercicio do dereito de acceso á propiedade establecido na lexislación especial de arrendamentos rústicos.

c) Se se produce por causa de expropiación forzosa."

7.1 Neste sentido, o artigo 3.1. b establece o seguinte:

1. O decreto de concentración parcelaria determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, polo que o titular dun dereito de propiedade rústica de carácter agrario está obrigado a:

a) (...)

b) **Manter indivisibles as parcelas de extensión inferior ó dobre da indicada como mínima no acordo, coas excepcións sinaladas no artigo 52.**

Para este efecto, a dirección xeral correspondente da consellería competente en materia de agricultura, ó aproba-lo acordo, ditará, a xunta local de zona, resolución motivada, na que sinalará a **unidade mínima de cultivo** para a zona, que será a suficiente para que os labores fundamentais do seu cultivo, utilizando os medios normais e técnicos de produción, poidan levarse a cabo cun rendemento satisfactorio, tendo en conta as características socioeconómicas da agricultura na comarca ou zona, e que en ningún caso será inferior ás unidades mínimas de cultivo establecidas pola Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 23 da Lei estatal, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

8. Canto á superficie mínima de cultivo, o Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece, para o Concello de Silleda, **0,30 hA a sequeiro e 0,20 hA para regadío.**

9. Á vista da documentación aportada, ámbalas dúas parcelas resultantes dan cumprimento coa superficie mínima de cultivo para este ámbito (Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, ao que remite o artigo 149 Lei do Solo). As superficies das parcelas matrices e resultantes son as seguintes:

PARCELAS MATRICES				PARCELAS RESULTANTES			
superficie inicial		parcela instrumental		Superficie + parcela instrumental		superficie resultante	
1	9947 m ²	1.1	7960,33 m ²	1-1.2	7960,33 m ²	A	7960,33 m ²
2	1493 m ²	1.2	1986,67 m ²	2+1.2	3479,67 m ²	B	3479,67 m ²
total	11440 m²				11440 m²		11440 m²



Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, o planeamento de 1981, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenzas municipais de segregación e agrupación de parcelas.

Cómpre sinalar a obriga de notificar ao Catastro a nova agrupación-segregación."

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal a JOSÉ FERRADAS PEREIRAS e CONSUELO NÚÑEZ DOMÍNGUEZ para segregación e agrupación de parcelas, na lugar de Santa Cristina, nº 6, parroquia de Lamela (Silleda), parcela con referencia catastral 36052D508108630000XJ, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle a obriga de notificar ao Catastro a nova agrupación-segregación.

4.4.- Expte. 758/2019. Reposición de legalidade urbanística.

Procedemento: Incoación de expediente de Reposición da Legalidade, logo de sentenza en contencioso-administrativo nº 232/2019, de 22 de Outubro, do Xulgado nº 1 de Pontevedra. Obras de recheo e construción dun muro. PROPIETARIO: Carlos González Lorenzo.

IDENTIFICACION AUTOS XUDICIAIS:

Demandante : MANUEL IGLESIAS PENAS
Objeto : Finalización diligencias informativas/reposición legalidade
P.O. nº : **0000398/2018**
Cuantía : Indeterminada
Demandado : AYUNTAMIENTO SILLEDA, Carlos González Lorenzo
NIG : 36038 45 3 2018 0001113. Xulgado nº 1 Pontevedra.
Senteza : Nº 232/2019, de 22 de Outubro.

ANTECEDENTES:

1. **Vista** a sentenza no contencioso citado, nº 232/2019, de 22 de Outubro, P.O. nº: **0000398/2018** do Xulgado nº 1 Pontevedra.
2. **Licenza de obras e legalización das previas. Visto** que con data do 31 de Xullo de 2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para a construción do muro de contención interior da parcela, e así mesmo procedeu á legalización do muro de peche instado polo Sr. Carlos González Lorenzo con data do 11-03-2009, que é orixe deste caso e remate das reclamacións previas a esa data do Sr. Iglesias contra o que el considera obras/actuacións ilegais que o Sr. Gonzalez Lorenzo executou nesa leira.
3. **Visto** que se trata dunhas obras de recheo e construción dun muro conformes coa normativa urbanística e o PXOM vixente, para o que se lle outorgou a oportuna licenza de obras o 31-08-2009 e legalización do xa construído.



De conformidade co Informe do Letrado recomendando instar tal procedemento e non apelar a sentenza, e cos artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, o artigo 379 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia e o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, polo presente,

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO. Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións de: "obras de recheo e construción dun muro", propiedade de Carlos González Lorenzo, nun inmovible da súa titularidade, conforme se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia.

SEGUNDO. Considerar legalizable o acto, indiciariamente, xa que así se apreciou polos Servizos Técnicos Municipais no seu día e se otorgou a correspondente licenza.

TERCEIRO. Notificar a presente resolución aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de audiencia de quince días.

CUARTO. Comunicar a iniciación deste procedemento nomeamento de instrutor do mesmo o arquitecto municipal Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO. Comunicar ao Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 20 de novembro de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

